

ANEXO XV

Baremo de prioridades concurso de traslados de ámbito nacional no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e corpo de inspectores de educación

MÉRITOS	VALORACION	DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS (1)
<ul style="list-style-type: none"> • Antigüidade 		
<p>1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no mesmo cadro de persoal provincial ou, se é o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a inspección educativa.</p>		<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>Polo primeiro e segundos anos: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo</p>	<p>2,0000 puntos por ano</p>	
<p>Por el tercer ano: La fracción de ano se computará a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.</p>	<p>4,0000 puntos</p>	
<p>Polo cuarto e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo</p>	<p>6,0000 puntos por ano</p>	
<p>No caso do persoal funcionario obrigado a concursar por ter perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por provir da situación de excedencia forzosa ou por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, considerarase como posto desde o que participa, para os fin de determinar os servizos a que se refire este subapartado, o último servido con carácter definitivo, ao que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera posto de inspección educativa. Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación ao persoal funcionario que participe desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria, de traslados forzosos, con cambio de localidade de destino.</p>		

<p>1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidad.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Cando este persoal participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente ao subapartado 1.1 Sumaráselle a obtida por este subapartado.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Registros de Persoal</p>
<p>1.3. Antigüidade no Corpo.</p>		
<p>1.3.1 Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no Corpo de Inspectores ao servizo da Administración Educativa ou no Corpo de Inspectores de Educación:</p> <p>As fraccións de ano computaránse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Para os efectos de determinar a antigüidade nestes corpos recoñeceranse os servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira nos corpos de Inspectores de procedencia e os prestados dende a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional decimoquinta da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>1.3.2. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes a que se refire a LOE.</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,0000</p>	

Os servizos aludidos no subapartado 1.3.2 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos cos servizos dos subapartados 1.1 ou 1.2.

Para os efectos previstos nos subapartados 1.1, 1.2, 1.3.1 e 1.3.2, serán computados os servizos que se prestasen na situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos apartados previstos no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada Lei. Igualmente serán computados, para estes fins, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, que non poderá exceder de tres anos.

<p>2. Méritos académicos:</p> <p>Para os efectos da súa valoración por este apartado, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado Español.</p> <p>(ver disposición complementaria segunda).</p>	<p>Máximo 10 puntos</p>	
<p>2.1.- Doutorados, postgraos e premios extraordinarios:</p>		
<p>2.1.1. Por poseer o título de Doutor</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>2.1.2. Polo título universitario oficial de Master distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixan, polo menos, 60 créditos:</p>	<p>3,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>2.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados.</p> <p>Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de Doutor.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado-diploma correspondente.</p>
<p>2.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao.</p>	<p>1,0000 punto</p>	<p>Fotocopia compulsada da documentación xustificativa do mesmo.</p>
<p>2.2.- Outras titulacións universitarias:</p> <p>As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo dende o que se concursa ou para o acceso, no seu día, aos postos de inspección educativa valoraranse da forma seguinte:</p>		
<p>2.2.1. Titulacións de grao:</p> <p>Polo título universitario oficial de grao ou equivalente.</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado</p>

		2.1.1
<p>2.2.2. Titulacións de primeiro ciclo:</p> <p>Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría.</p> <p>Por este subapartado non se valorarán en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.</p>	3,0000	<p>Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde de 8 de xullo de 1988 (B.O.E do 13).</p> <p>Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica de todos os títulos ou ciclos que se posúan onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención de ditos título ou ciclos.</p>
<p>2.2.3. Titulacións de segundo ciclo:</p> <p>Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:</p> <p>Por este subapartado, non se valorarán, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.</p> <p>No caso de titulacións de solo segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes a tódolos efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.</p>	3,0000 puntos	

<p>2.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:</p> <p>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas Escolas Oficiais de Idiomas, Conservatorios Profesionais e Superiores de Música e Danza e Escolas de Arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ser as esixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, no seu caso, que non sexan necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:</p>		<p>Fotocopia compulsada do título que se posúa ou, no seu caso, certificación acreditativa da expedición do dito título ou certificación acreditativa de superar os estudos conducentes a súa obtención.</p>
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	4,0000 puntos	
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	3,0000 puntos	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	2,0000 puntos	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	1,0000 punto	
Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nos apartados anteriores solo se considerará a de nivel superior que presente o participante.		
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente:	2,0000 punto	
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5000 puntos	
3. Formación e perfeccionamento	MAXIMO 10 PUNTOS	
<p>3.1. Actividades de formación superadas</p> <p>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou con aspectos relacionados coa organización escolar ou coa ensinanza, organizadas polo Ministerio de Educación, as Administracións educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas Administracións educativas, así como as organizadas polas Universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. A estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non</p>	<p>Ata 6,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado destas expedido pola entidade organizadora no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>

<p>puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>		
<p>3.2. Pola impartición, dirección ou coordinación de actividades de formación que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou cos aspectos relacionados coa organización escolar ou coa ensinanza organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como polas organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	<p>Ata 4,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado ou documento acreditativo da impartición no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación de ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>
<p>4. Outros méritos:</p>	<p>MÁXIMO 20 PUNTOS</p>	
<p>4.1. Publicacións</p> <p>Por publicacións de carácter didáctico e científico directamente relacionadas coa ensinanza.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas nas que o autor sexa o editor das mesmas.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nestes subapartados coas esixencias que así se indican.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por este apartado:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p>	<p>Máximo 5,0000 puntos</p>	<p>- No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas.</p> <p>* Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes fora en librarías comerciais.</p> <p>En relación cos libros editados polas Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (Centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado haberán de</p>

<p>- Autor ata 1,000 puntos</p> <p>- Coautor ata 0,5000 puntos</p> <p>- 3 Autores..... ata 0,4000 puntos</p> <p>- 4 Autores ata 0,3000 puntos</p> <p>- 5 Autoresata 0,2000 puntos</p> <p>- Mas de 5 Autores.. ata 0,1000 puntos.</p> <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <p>- Autor ata 0,2000 puntos</p> <p>- Coautor ata 0,1000 puntos</p> <p>- 3 ou máis Autores ata 0,0500 puntos.</p>		<p>xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <p>*Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas</p> <p>*Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.</p> <p>En relación coas revistas editadas polas Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>-No caso de documentos en formato electrónico, para ser valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e depósito legal.</p>
<p>4.2. Valoración do traballo desenvolvido. (Ver disposición complementaria terceira)</p>	<p>Máximo 10 puntos</p>	
<p>4.2.1 Por cada ano de servizo en postos de Subdirector xeral da Inspección de Educación, inspector xeral ou inspector xefe da Inspección Central de Educación Básica de Bacharelato ou Ensinanza Media do Estado, coordinador xeral de Formación Profesional, ou en postos equivalentes dependentes de outras Administracións educativas.</p>	<p>1,5000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cese ou, no seu caso, certificación na que conste que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo.</p>

<p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.</p>		
<p>4.2.2. Por cada ano de servizo en postos de Inspector central, inspector central de Educación Básica, Bacharelato ou Ensinanza Media do Estado, ou coordinador central de Formación Profesional, secretario ou administrador da inspección central, inspector da Subdirección xeral da inspección de educación, ou en postos equivalentes dependentes de outras administracións educativas .</p> <p>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0830 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,0000 punto</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.2.1.</p>
<p>4.2.3. Por cada ano de servizo en postos de inspector xefe provincial de Educación Básica ou inspector xefe de distrito de bacharelato ou ensinanza media do Estado ou coordinador xefe provincial de Formación Profesional, ou xefe de servizo provincial de inspección técnica de educación, xefe de división, ou en postos equivalentes dependentes de outras administracións educativas.</p> <p>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.</p>	<p>0,7500 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.2.1.</p>
<p>4.2.4. Por cada ano como inspector xefe de distrito, xefe adxunto, coordinador de equipos sectoriais, coordinador de demarcación, ou en postos equivalentes dependentes de outras administracións educativas.</p> <p>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0410 puntos por cada mes completo.</p>	<p>0,5000 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.2.1.</p>
<p>4.2.5.-Por cada ano de servizos desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa, sempre que os mesmos sexan distintos dos enumerados nos subapartados 4.2.1 ao 4.2.4 deste Anexo. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.</p>	<p>0,7500 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.2.1.</p>
<p>No caso de que se desempeñasen simultaneamente mais dun cargo dos indicados nos subapartados 4.2.1 a 4.2.5 non poderán acumularse á puntuación, valorándose o que poidera resultar mais ventaxoso para o concursante.</p>		
<p>4.3.- Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de escolas oficiais de idiomas, de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño.</p>	<p>3,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do título administrativo ou da credencial ou, no seu caso, do Boletín ou Diario Oficial no que apareza o seu nomeamento.</p>

Disposicións complementarias

Primeira.

Os méritos achegados polas persoas participantes deberán estar cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

Segunda.-Méritos académicos.

-Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse fotocopia compulsada de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

-No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.

-Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación.

Terceira.-Valoración de traballo desenvolvido.

-Só se valorará o seu desempeño como persoal funcionario de carreira.

Cuarta.- En relación coa puntuación dos apartados 6.1, 6.2 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutourado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde 8 de novembro de 2010.